

VICTORINO PÉREZ PRIETO

"Non é que outro mundo sexa posible; é que este é imposible"

Desde a súa intensa labor como párroco de San Xoán de Filgueira, Victorino Pérez Prieto non renuncia a tratar de aportar a súa visión da realidade en escritos e intervencións nos medios. Unha visión que non sempre coincide coa dos seus superiores eclesiásticos, algo que agarda que algún día cambie. Do seu compromiso co país, coa súa cultura e da realidade, positiva e negativa, da Igrexa nos nosos días fala na seguinte entrevista

Texto Nicolás Vidal
Caricatura Juan Veiga
Fotos Jorge Meis



ollemos a Victorino traballando en novos libros que aumentan a súa ampla bibliografía. Premio da Crítica de Galicia en 1996 polo seu labor de dirección na revista "Irimia", trala publicación do seu "Contra a

síndrome N.N.A. (Non hai Ningunha Alternativa)" (Edicións Xerais) os seus proxectos contemplan un ensaio sobre a poesía relixiosa en galego e unha obra na que ten posta moita ilusión, inspirada por Raimon Panikkar, acerca do diálogo interreligioso e a visión "dun Deus digno de ser crible". Leva 40 anos en Galicia e segue apostando pola esperanza.

—Vostede é de familia castelá, de León. Chega a Galicia sendo neno, pero asume a cultura e a lingua galega e fainas súas. ¿Como viviu ese contraste e esa asunción?

—O meu amor por Galicia é por unha terra, pero sobre todo por un pobo, o que me leva a amar a súa fala e a súa cultura. Eu vin de León, o leonés é franco: "al pan pan y al vino vino", e chego a un pobo que ten a retranca como modo de comprender e responder á vida; esta non é un xeito de ser "retorcido" senón de solucionar os problemas. Descubrí un mundo rico, exuberante, "barroco", que é quen de mirar de diferentes xeitos á realidade. Aquilo de "Deus é bo e o demo non é malo". É unha sabiduría que eu aínda estou asimilando, porque son moi "castelán", moi directo, e ás veces podes ferir. Creo que unha das cousas mellores que lle debo a Galicia é a tolerancia, unha das meirandes riquezas da antropoloxía galega. Lémbrame do libro de Alfredo Conde, "Xa vai o grifón no vento", onde se ve que a Inquisición pouco tivo que facer aquí porque ante os procesos ás bruxas a xente dicía: "¡Home, tampouco é para tanto!". Creo que un dos problemas do bispo anterior, Gea Escolano, foi non descubrir esa riqueza e ter posturas demasiado rotundas, sen caer na conta de que as cousas son case sempre relativas; algo, por outra banda, que neste mundo intercultural é moito máis útil.

—Leva unha década en San Xoán de Filgueira e antes estivo en Xove, nunha zona obreira e mariñeira. ¿Cal foi o traballo do que se sente máis satisfeito nestes anos?

—A relación co pobo, coa xente máis sinxela, cos pobres; que non son só os que non teñen, senón os que non se poden defender. E, por outra banda, a fronte cul-



tural. Teño a casa chea de libros de todos os tipos. Son como unha esponxa que quere comprender o mundo e, sinceramente, que cre que algo podo aportar tamén, sobre todo desde a reflexión que nace da fe relixiosa.

—No seu primeiro libro facía un estudo da relación entre a Xeración Nós e a súa relixiosidade. Grazas a el entrou en contacto con Ramón Piñeiro e Carlos Casares. ¿Como foi esa amizade con eles?

—Efectivamente, o meu primeiro libro, "A xeración Nós. Galeguismo e relixión", é deudor de Piñeiro, que era un dos que máis sabía desa xeración esgrevia.

Coñecino por medio de Torres Queiruga, de quen era moi amigo. As conversas con el, a comezos dos 80, foron riquísimas e puxo toda a súa biblioteca á miña disposición cunha enorme xenerosidade, porque el non gardaba nada para si. Tratoume como se fose xa un grande escritor, e eu ía alí e collía os libros que quería. As conversas con Piñeiro na súa célebre me-

sa camilla foron o punto de arranque do libro. Outro elemento fundamental foron as conversas con Carlos Casares, que ía facer unha tese de doutoramento sobre a Xeración Nós —que non acabou facendo— e tivera moita relación con Risco; tamén me deixou xenerosamente parte do que el tiña escrito. As conversas con Casares e con Piñeiro foron riquísimas, houbo moita empatía. Uníanos unha perspectiva utópica da realidade, da Galicia soñada, do traballo por facer... Tamén había por parte dos dous unha grande sensibilidade ante o relixioso. Piñeiro non se declaraba crente, pero algúns pensamos que o era. Casares declarábase cristián pero sentíase fóra da Igrexa. Díciame: "¡pero coidado, que ti tamén estás un pouco fóra!". Tivera un tío cura e tiña moita cultura relixiosa, sabía moito. Iso facilitaba o diálogo entre nós. No meu libro "Galegos e cristiáns" falo de Casares desde esa perspectiva. Lembremos tamén a súa novela "Ilustrísima", onde se ve ese coñecemento que tiña do tema relixioso.

"Unha das mellores cousas de Galicia é a tolerancia, e un dos problemas de Gea Escolano foi non ter comprendido esa riqueza"